

ct

Campo de covardes

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)

Zona de exclusión.

Unha luz cegadora descobre catro corpos que comparten un chan cuberto de serraduras. Iván bate no corpo inmóbil de Vitoria.

VERA

(*A Iván.*) Deixa de baterlle. Está morta.

IVÁN

Non está morta. Aínda pode moverse.

VERA

Polo menos deixa de insultala.

ANATOLI

Como cheguei a isto?

Iván bate por última vez no corpo inmóbil de Vitoria, que cospe serraduras.

ANATOLI

(*A Vera.*) Non che importa que estea tolo?

VERA

Non mentres non me rebente os ovarios.

IVÁN

(*A Vera e ridiculizando a Anatoli.*) Non che importa que estea tolo?

VERA

Só creo nos artistas que acaban por tolear.

IVÁN

Eu non son artista.

VERA

Eu tampouco teño ovarios.

Vera e Iván rin desafortadamente.

IVÁN

(*A Vera.*) Non che importa que estea tolo?

VERA

(*Seria.*) Non volvas repetir esa pregunta.

IVÁN
Quérote.

Vera bátelle a Iván.

IVÁN
Pero é certo: eu quérote.

Vera bátelle outra vez.

VERA
Eu quérote. Quérote. Quérote.

Vera bátelle tres veces seguidas aumentando a enerxía con cada golpe e con cada “quérote”.

IVÁN
Quérote.

Vera bátese unha e outra vez. Iván detena.

VERA
Non mo volvas repetir nunca.

Silencio.

IVÁN
Podemos saír de aquí.

VERA
Eu non vou saír.

IVÁN
Podemos saír de aquí e ser felices.

VERA
Quen está falando de felicidade?

IVÁN
Eu preciso saír de aquí contigo.

VERA
Eu non me vou mover de aquí.

IVÁN
Aquí non hai nada.

VERA

Aquí estamos a salvo.

IVÁN

Aquí non somos.

VERA

Pero aquí estamos. Eu non me vou mover de aquí.

IVÁN

Pero eu quérote.

Vera bátelle a Iván.

VERA

Podes quedar aquí.

Anatoli recolle a Vitoria do chan. Vitoria conserva a súa inmovilidade.

ANATOLI

Está fría pero aínda respira.

IVÁN

Díxenvos que non estaba morta.

ANATOLI

Non lle volvas bater.

IVÁN

As covardes non morren tan a présa.

ANATOLI

Unha muller pode fuxir e non ser unha covarde.

IVÁN

Cando alguén foxe, non debe facelo en sentido contrario.

VERA

(*A Vitoria.*) Por que pasa tanto tempo calada?

Silencio.

VERA

A Vitoria. Por que nunca di nada?

VITORIA

Porque non aturo imbéciles diante miña.

Iván bátelle a Vitoria, que cae sobre o chan cheo de serraduras.

ANATOLI

(*A Iván.*) Está tolo.

IVÁN

(*A Vera.*) Impórtache que estea tolo?

VERA

Prefiro os tolos antes que a xente impecable.

Anatoli recolle a Vitoria do chan, que cospe serraduras.

VITORIA

(*A Anatoli.*) Voulle pedir algo.

ANATOLI

Que quere?

VITORIA

Evite pasar por imbécil.

Anatoli deixa caer a Vitoria sobre o chan.

IVAN

(*A Vera.*) Vén comigo.

VERA

Non saias.

IVÁN

Saio para poder estar contigo fóra de aquí.

VERA

Aquí xa estou contigo.

IVÁN

Aquí non temos onde ir.

VERA

Pero aquí estamos a salvo.

IVÁN

En cativerio ninguén está a salvo.

VERA

Non estamos en cativerio.

IVÁN

Pero non podemos saír.

VERA

Se saes quedarás cego.

IVÁN

Aquí tampouco podo ver nada.

Iván diríxese sen Vera cara a zona de chan sen serraduras. Unha luz cegadora estoura e inunda o espazo. Todos se anican, agás Vitoria que conserva a súa inmovilidade.